

MULLER, ARTISTA E NAI

A PATOLOXIZACIÓN DO CORPO E A MENTE DAS MULLERES ARTISTAS A TRAVÉS DO TEMPO

Luz Darriba / Micaela Fernández Darriba

«A igualdade é unha necesidade vital da alma humana que consiste no recoñecemento público, xeral e afectivo, expresado polas institucións e os costumes, de que a todo ser humano se lle debe a mesma cantidade de respecto e de consideración».


—Simone Weil

A relación entre as mulleres e a saúde mental sempre foi tensa. Elas naceron, cargaron e cargan aínda co estigma. A vida das mulleres e a súa capacidade de crear (unha mostra de liberdade que non nos está permitida) foi obxectada dende o comezo dos tempos. Se a isto lle engadimos a maternidade e todos os seus mecanismos complexos que marcan a vida das mulleres *ad infinitum*, resulta difícil, por non dicir imposible, que a sociedade poida ter sobre elas, sobre nós, unha ollada comprensiva, baleira de prexuízos e desprovista desa mochila cruel á que chamamos «estereotipos de xénero».

Esta etiquetaxe, en todas as ramas da arte, para distinguir o nada recoñecido talento feminino, vén ligándose, dende sempre, á tolemia. Eles son os «xenios» posuídos polas musas e as febres creativas, as mulleres somos simplemente as «tolas». Desaxustadas do traxe que o patriarcado nos preparou á medida e, polo tanto, endemoñadas, bruxas, conspiradoras, en definitiva: tolas.

A historia está chea de exemplos nos que a sabedoría feminina, o coñecemento (ao que tiñan que facer malabares ou crear estratexias para accederen) das mulleres estivo continuamente baixo sospeita. Un dos xenocidios

máis grandes da historia da humanidade, os asasinatos nas fogueiras de mulleres sabias, menciñeiras, ou con calquera habilidade que lles supuxese poder, comezou no século XV en Europa Central e chamouse «caza de bruxas». Mediante os máis atroces tormentos, as vítimas recoñecían conversas delirantes co mesmo diaño, en quen crían os inquisidores e as vítimas. Os trastornos mentais, verdadeiros ou provocados, levaban as mulleres ás cacharelas.



Consulta o
texto completo